



Ricardo Beiras, coordinador de Ephemare.

Un mar de plástico

A Universidade de Vigo coordina o proxecto Ephemare, para estudar os efectos dos microplásticos no mar

Por [Eduardo Rolland](#) | 18/05/2016

Cada ano son botados aos océanos do mundo 8 millóns de toneladas de plásticos. Os máis pequenos, denominados microplásticos, son absorbidos polos organismos mariños. Pero descoñecemos que consecuencias poden ter para a súa saúde e tamén para a humana. Un equipo da Universidade de Vigo coordina o proxecto Ephemare, con científicos e institucións de 10 países distintos, que buscan dar resposta á incógnita dun mar de plástico.